

PROCEDIMENTO DA FASE DE RESULTAS

As prazas de resultas adxudicaranse por orde de recepción da solicitude en liña.

No caso de non recibir a notificación de aceptación da praza solicitada no mesmo día ou no día seguinte, deberá entender desestimada a solicitude e poderá volver presentar un novo formulario de solicitude, para as prazas ofertadas en resultas nos días sucesivos.

Se a persoa solicitante figurase na lista de espera dalgún campamento, deberá indicalo no formulario para, de ser o caso, dala de baixa nesa listaxe antes da adxudicación da praza solicitada en resultas.

A solicitude de praza deberá facerse de maneira individual, para un único solicitante.

No caso de que cada solicitante poida optar a máis dun campamento, en función do ano de nacemento, poderá facer a reserva de, como máximo, tres prazas por orde de preferencia.

Unha vez comprobada na aplicación informática a dispoñibilidade da praza solicitada, asignarase esta á persoa interesada e comunicarase mediante correo electrónico ao enderezo indicado no formulario, que disporá dun prazo máximo de dous días para presentar a documentación relacionada no artigo 8, dispoñible neste enlace:

<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran/documentacion-para-presentar-fase-de-adxudicacion>

Esta documentación presentarase preferentemente por vía electrónica (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A documentación debe dirixirse ao Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude **da provincia na que se desenvolva o campamento.**

No caso de **intercambios noutras CCAA** deberá dirixirse á **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.**

No caso de non aceptar a adxudicación, deberá indicalo contestado ao correo electrónico de comunicación da adxudicación, no prazo de dous días.